



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# REUNION

Dirección - Comité (07/09/11)

Na reunión, entre outros, tratáronse os temas seguintes:

## Novas medidas de dispoñibilidade.

A Dirección, para levar a cabo a súa programación produtiva propón:

**SISTEMA I.-** Para facer fronte o último trimestre do ano se eliminan as veladas dos sábados e os Domingos noite así como a redución da xornada laboral para a Quenda de Noite, pasando a ter unha presenza horaria media en Montaxe de 5h.

**A C.I.G.**, dos 250.000 B-9 previstos para este ano, e para poder facer unha valoración real ante este descenso da produción, pediu que se nos facilitara cal é a que levamos realizado a día de hoxe. Non vaia ser que esteamos ante unha mala distribución do programa produtivo.

**SISTEMA II.-** Por se fora pouco, a situación que estamos a sufrir neste Sistema, agora a Dirección manifesta que a única alternativa para poder facer fronte ó último trimestre do ano así como para o vindeiro 2012 é:

Ademais de consumir os días do ERE presentados pola Dirección, levaríase a cabo a creación da apertura variable para a Quenda B, con traballadores/as con contrato a tempo parcial, coas seguintes alternativas de distribución horaria:

1ª) Reducir o horario de saída en 2 horas cara ó final da xornada, é dicir, na semana de mañá de 06:00 a 12:00 h., e na de tarde de 14:00 a 20:00 h.

2ª) Outro suposto sería estando de mañá esta quenda B, facer 8 horas e de tarde 4, é dicir de 14:00 a 18:00 h.

Dende a **C.I.G.**, unha vez facilitada a produción anual prevista realizar para o vindeiro 2012 (**241.000 B-9 e 109.000 B-58**) entendemos que de aplicarse esta medida, presentada pola Dirección, implicaría seguir penalizando e castigando a un colectivo concreto de traballadores/as, ademais, ó continuar aplicándolle o ERE converteríanse en mileuristas, é dicir, o seu *salario* veríase reducido, como mínimo, nun 25% en comparación dun compañeiro/a do Sistema I.

Polo tanto, para a **C.I.G.**, a alternativa pasa por equilibrar as Liñas, pasando B-9 polo Sistema II, tal e como se fixo no momento de necesidade produtiva, ou como segunda alternativa podería ser baixar a cadencia a 33 veh/h. Iso é ser todos/as traballadores/as da mesma fábrica, tal e como así viñémolo sendo durante os últimos 50 anos.

**Quenda de Noite.-** Ademais de preguntarnos por qué con tanta frecuencia temos que parar por falla de pezas, cando pertencemos a un dos sectores máis afectados pola crise, non é de recibo que ademais se diga que os días de parada teñen que ir a cargo dos traballadores/as, cando, con independencia que ten que haber seguros compensatorios, tamén ten que haber responsabilidades.

Polo que, a **C.I.G.**, pediulle a Dirección que estes días sexan pagados.

Na parte final da Reunión asistiu o Director do Centro para falarnos sobre a Seguridade, Calidade, Empregabilidade e produtividade.

## Confederación Intersindical Galega